

Recomendacións para a realización de exames presenciais na Universidade da Coruña

Co fin de garantir a seguridade na realización de exames presenciais na UDC, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais realiza as seguintes recomendacións.

En todo momento o uso de máscara será obrigatorio, é responsabilidade individual de todos os que accedan á aula na que se desenvolva a proba, coa excepción das indicadas na normativa vixente, que deberán estar debidamente xustificadas cun mínimo de 48 horas antes do inicio do exame, para poder organizar o espazo.

ACCESO Á AULA

O alumnado esperará o seu chamamento respectando a distancia interpersonal (1,5 metros mínimo).

Nas aulas que contén con dúas portas, recoméndase que o acceso e saída se realicen por portas diferenciadas, de ser posible e se non se xeran problemas de circulación no interior da aula.

Os alumnos/as serán chamados de viva voz, individualmente, identificados e colocados nos seus postos dentro da aula. Recoméndase que inicialmente se cubran os postos máis afastados das portas de acceso.

Antes de acceder desinfectarán as mans con xel hidroalcohólico

Cada alumno/a levará todos os materiais necesarios para o desenvolvemento da proba e que estean autorizados polo responsable do exame (bolígrafos, lapis, gomas, calculadora etc.), así como a documentación identificativa e o material de prevención necesario, de ser o caso (máscara de reposto, xel hidroalcohólico, panos de usar e tirar etc.)

O alumno/a non pode acceder á aula co teléfono móbil, reloxo dixital (smarwatch) ou calquera outro dispositivo electrónico activado.

O alumno/a pode introducir na aula unha mochila, carteira ou bolsa de deporte, con todas as súas pertenzas, incluídas comida e bebida, sempre que cumpra o que se indica nas normas específicas de prevención.

DISTRIBUCIÓN E PERMANENCIA NA AULA

En ningún momento se superará a capacidade COVID do local. Esta capacidade deberá estar indicada no acceso ao local e perfectamente visible.

A distribución do alumnado na aula garantirá en todo momento a separación mínima de 1,5 metros entre cada asistente. Intercalar os alumnos/as entre filas sucesivas, de xeito que non queden xusto detrás dos compañeiros das filas colindantes.

Recoméndase que o responsable do exame antes do inicio, coloque os exames nas mesas habilitadas, co fin de evitar as circulacións non necesarias entre o alumnado.

Unha vez iniciada a proba non se poderá abandonar a aula sen a autorización do/a docente.

Código Seguro De Verificación	y/bAs5nhm1vM77Y1G/a0vw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	04/12/2020 13:32:52	
Observacións		Páxina	1/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y/bAs5nhm1vM77Y1G/a0vw==			

Unha vez rematada a proba o alumno/a levantará a man e seguirá as instrucións do/a docente para proceder á entrega da proba e ao abandono da aula mantendo en todo momento a distancia persoal de seguridade. É necesario advertir ao alumnado de que fóra da aula non poderá permanecer nos corredores e que deberá abandonar a zona.

NORMAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN

O alumnado en illamento por COVID-19, en corentena por contacto estreito ou por calquera outra enfermidade debidamente certificada, non poderá presentarse ao exame e comunicará esta situación ao/a docente co fin de articular posibles accións para o desenvolvemento da proba, de ser o caso.

Se un alumno/a ou examinador/a mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante a proba será levado ao local COVID usando máscara e mantendo en todo momento a distancia interpersoal de seguridade. Deberase contactar co 900 400 116 e seguir as súas instrucións e, se os síntomas semellan de gravidade, comunicarse co 112.

Prestarase especial atención ao alumnado con diversidade funcional ou necesidades específicas.

Non se poden compartir materiais durante a realización das probas

O alumno/a poderá ter na aula unha mochila, carteira ou bolsa de deporte, na que meterá todas as súas pertenzas e que levará en todo momento consigo, facéndose responsable da mesma e do seu uso correcto e que colocará ao seu carón nunha localización visible.

Garantírase unha limpeza e desinfección anterior ao uso da aula e unha vez rematada a proba antes de que se use de novo. Esta limpeza realizarase utilizando os desinfectantes virucidas autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Recoméndase unha ventilación previa ao inicio do exame duns 10 minutos aproximadamente cada hora mentres dure o exame.

Ramón del Valle López

Xerente

Código Seguro De Verificación	y/bAs5nhm1vM77Y1G/a0vw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	04/12/2020 13:32:52	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/y/bAs5nhm1vM77Y1G/a0vw==			